

## **Acta da Comisión Permanente celebrada o 7 de novembro de 2012**

### Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar  
Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz  
Domínguez Rubira, Carmen  
Estévez Fernández, Carina  
Fernández Ignacio, Beatriz  
Martínez Yáñez, Nora  
Muleiro Parada, Luis Miguel  
Prieto López, Nieves  
Rodríguez Damián, Amparo  
Rodríguez Domínguez, M<sup>a</sup> del Mar  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Valcárcel Fernández, Patricia

Da comenzo a reunión no despacho A-205 sendo as 12:30 h. actuando a Vicedecana Pilar Allegue como Presidenta da reunión en lugar da Decana, ausente por enfermidade.

A orde do día da reunión é a seguinte:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21 de setembro de 2012)
- 2.- Informes da Decana
- 3.- Aprobación, se procede, dos informes definitivos de seguimento das titulacións impartidas no centro.
- 5.- Aprobación, se procede, de diversos cambios nas partidas orzamentarias do centro
- 4.- Rolda aberta de intervencións

Excusase a asistencia de: Dona Ana Pita Grandal, Don Jaime Cabeza Pereiro e Don José Carlos Orgue Míguez.

### **1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21 de setembro de 2012)**

Apróbase a acta por asentimento

## **2.- Informes da Decana**

Decae este punto pois os informes previstos déronse na Xunta de Facultade.

## **3.- Aprobación, se procede, dos informes definitivos de seguimento das titulacións impartidas no centro**

A Vicedecana Mar Rodríguez explica as modificacións realizadas nos informes.

Apróbanse por asentimento os informes definitivos de seguimento das titulacións impartidas no centro que foron enviados como documentación específica para esta reunión.

## **4.- Aprobación, se procede, de diversos cambios nas partidas orzamentarias do centro**

A Vicedecana Mar Rodríguez explica as modificacións propostas, indicando que obedecen a axustes precisos para evitar perder parte do orzamento do Centro.

Explica que os únicos traspasos que requiren aprobación polos órganos do Centro son os que conlevan un cambio de programa e os cambios entre partidas con vinculación. En concreto, propóñense as seguintes modificacións:

-Pasar 10.890€ do programa do Centro da partida 213 ao orzamento da Unidade Técnica. Deste xeito, as obras de reforma da entrada serían asumidas na súa totalidade pola Unidade Técnica. Aínda que a obra previsiblemente se realizará en Nadal sería asumida coa anualidade deste exercicio.

-Pasar 9.000€ da conta 213 (Reparacións) á conta 62 (Inventariable).

-Pasar 14.000€ da conta 221.01 (Suministros de Administración: Gasóleo, Electricidade e material de mantemento) á conta 62 (inventariable).

-Pasar 2.500€ da conta 222 (Comunicacións) á conta 62 (inventariable).

-Pasar 2.000€ da conta 226.02 (Publicidade) á conta 62 (inventariable).

Apróbase por asentimento a proposta de modificación presentada.

## **5.- Rolda aberta de intervencións**

A Profesora Carmen Ruiz pide a palabra para explicar que como coordinadora de Grao tivo unha reunión cos alumnos para tratar o tema do TFG. Interésase polos prazos para a asignación do TFG. A Vicedecana Pilar Allegue indica que se comunicarán xa en breve.

A profesora Carmen Ruiz comenta que na devandida reunión os alumnos lle comunicaron que están preocupados porque se empregue o mesmo criterio previsto para a asignación dos temas de TFG para asignar as Prácticas Externas. Consideran que debería empregarse o criterio de expediente académico como figura na normativa respectiva.

O problema para aplicar o criterio que proponen os alumnos é que como hai ampliación de matrícula non se coñecerían todas as persoas efectivamente matriculadas na materia ata xaneiro, e sería xa tarde para facer a asignación.

Os alumnos entenden que cos alumnos xa matriculados agora se debe priorizar o reparto das prácticas por expediente académico tendo en conta os alumnos xa matriculados xa neste momento e facer unha nova priorización máis tarde (nun segundo turno) utilizando o mesmo criterio de expediente.

A Profesora Carmen Ruiz ruego que se comuniquen o antes posible –e antes de que se comunique aos alumnos- as datas para organizar a distribución de Prácticas.

Non habendo máis intervencións levántase a reunión sendo as 13.15 h. do que dou fe como Secretaria

Patricia Valcárcel Fernández